



Plan de Acción Titorial

Escola de Enfermería

Informe final curso 2015-2016

Índice

1. INTRODUCCIÓN

2. ACTIVIDADES DO PLAN DE ACCIÓN TITORIAL: 4 BLOQUES

2.1. Actuacións de organización

2.2 Actuacións de acollida

2.3 Actuacións de apoio e seguimento

Acción co profesorado e o alumnado titor

2.4 Actuacións de carácter formativo:

Seminarios

Curso

3. RESULTADOS DO PAT OBTIDOS POR CURSO

4. RESULTADOS DO PAT 2015-2016

5. MELLORAS PROPOSTAS PARA O PAT 2016-2017

1. INTRODUCCIÓN

Neste documento recóllense as diferentes actividades levadas a cabo durante o curso 2015-16 no el Plan de Acción Titorial (PAT) do Grao en Enfermería na Escola de Pontevedra, avalíanse as acción realizadas correspondentes aos 4 bloques nas que están clasificadas, analízase o nivel de consecución dos obxectivos propostos e dificultades atopadas para acadalos; preséntase a valoración global das accións realizadas nos catro cursos, e as propostas de mellora que deberían incorporarse ao plan do curso 2016-2017.

No título de Grao en Enfermería o número de prazas de acceso é limitado o que pode ser causa da baixa participación xa que é frecuente que os pequenos problemas cotiás ou as dúbidas que poida ter o alumnado sempre se solucionan directamente co/as coordinadores/as ou co titor ou titora, polo que non sempre se espera á convocatoria dunha reunión. Como nos derradeiros cursos académicos a asistencia por parte do alumnado foi escasa, en xeral, e ía diminuindo a medida que o alumnado ía adaptándose e integrándose na universidade, neste curso académico contouse coa participación de estudantes que acompañaron ao profesorado titor no seu labor de tutoría.

Durante este ano académico o PAT implantouse nos catro cursos de grao mantendo o seu carácter de voluntariedade en canto a participación do alumnado e do profesorado que actúan como tutores do PAT.

Seguiuse o deseño feito no PAT aprobado pola Xunta de Centro para este curso e leváronse a cabo diferentes accións programadas nas que se abordaron contidos diferenciais dependendo do curso.

De xeito xeral pódense definir os contidos de ditas actividades como de tipo informativo, orientador e formativo, aportando información de interese para o alumnado, facendo un seguimento da planificación da súa actividade académica e recibindo información acerca das inquedanzas, problemas e/ou queixas que o alumnado desexaron formular sobre o discurrir das actividades ao longo do curso.

A actividade titorial desenvolvida centrouse na realización de reunións a nivel de grupo nas que participaron un maior número de estudantes do curso co profesorado titor e alumnado titor, aínda que tamén se fixeron reunións con pequenos grupos de alumnas/os (6-8) cos seus titores. En relación a esta última modalidade, o PAT do grao en Enfermería inclúe a continuidade da acción titorial de cada persoa titora cun grupo definido de alumnado ao longo dos diferentes cursos da titulación, o que favorece a interacción entre alumnado-titor/a e a función de apoio, orientación e guía para o estudante, facilitando unha maior participación e compromiso co proceso de aprendizaxe. Asímesmo, a persoa titora mantén aberta a posibilidade de encontros individuais con seus titorizados, sempre que o soliciten.

A coordinación do PAT realizou unha función de seguimento do PAT, recollendo informes das reunións, resolvendo dúbidas e promovendo accións de mellora, en base a información presentada en ditas accións.

2. ACTIVIDADES DO PAT REALIZADAS. Catro bloques de accións

As actuacións planificadas no PAT nos catro cursos do grao trataron de responder as diferentes necesidades do alumnado da titulación, No curso 2015-16 as actividades levadas a cabo ao longo do curso corresponden ás actuacións clasificadas no Manual do PAT para este curso, e foron:

Accións da Organización.

Sesións informativas realizadas para presentarlle ao profesorado titor e coordinadores de curso os contidos e o desenvolvemento das actividades previstas no PAT. Este tipo de accións leváronse se a cabo coa coordinación do PAT onde se reúne ao principio de curso co profesorado titor aportándolles a información necesaria. Esta información serve para promover accións de resolución de ditos problemas. Ao final do curso a coordinación do PAT realiza a avaliación global dos informes recollidos durante todo o período académico e dos resultados das enquisas de avaliación do PAT, o que permite analizar o funcionamento do plan actual e establecer melloras de cara o seguinte curso.

Accións de Acollida.

O equipo de dirección e a coordinación do PAT son os encargados, ao principio de curso, da realización de reunións co total do alumnado, nas que lle aportaron información sobre distintos aspectos do ámbito universitario (servizos administrativos e de apoio, deportes, etc.), información do centro (aulas, talleres de simulación, sala de informática, biblioteca, secretaría de alumnado, dirección, normativas do centro, etc.), así como da titulación (plan de estudos, guías docentes, horarios, participación do alumnado na xestión do centro, etc.). Así mesmo ofrecéuselles información concreta sobre os aspectos organizativos do PAT.

Como nos anos anteriores, o alumnado que non se matricula nos primeiros prazos ten dificultades para incorporarse aos grupos de traballo, de xeito especial nos grupos máis pequenos, e para a realización dos traballos dos mesmos, polo que o profesorado do primeiro semestre de primeiro curso, tendo en conta esta situación, ofertoulle aos/ás anteditos estudantes apoio nas titorías individuais para que lograsen a súa integración no aula no menor prazo de tempo posible.

Concretamente, para a aprendizaxe da materia de Estatística, o profesorado que a imparte, fai grupos segundo o nivel de coñecemento de cada persoa, de xeito que se poidan organizar grupos de apoio cos/cas estudantes que o precisen e así non interromper o desenvolvemento normal das clases da materia.

Accións co profesorado e co alumnado titor

Trátase de reunións que leva a cabo o profesorado-titor co grupo de alumnado que titoriza o ben de forma individual sempre que o alumnado e o profesorado así o acorden. Distribúense ao longo do curso abordando as dificultades que van xurdindo. Dada a baixa participación do alumnado neste eixo do PAT no curso 2014-2015, **solicítase o apoio á titorización ao alumnado de cursos superiores e ao alumnado de primeiro curso tras unha charla formativa** para que vaian incorporando como colaboradores do profesorado titor.

Accións de Apoio a Formación.

Actividade académica. As actividades de apoio a formación constitúen unha das accións centrais do PAT. Ao final de cada reunión os titores aportan informes que recollen os aspectos principais tratados co alumnado e os problemas que eles expoñen. Esta información vai a ser revisada por coordinación do PAT a fin de facer un seguimento continuo de cada curso e promover accións de mellora. Parte do alumnado, fora das reunións planificadas, solicitou axuda vía correo electrónico e acudiu ao profesorado titor cando foi necesario, o cal indica a utilidade do PAT, aínda que os/as estudantes non asistiron regularmente ás reunións planificadas. En xeral, o aproveitamento por parte do alumnado do PAT foi escaso pola baixa participación

Acciones de Orientación Profesional.

Esta actividade ten como destinatarios principais o alumnado de cuarto de grao. Con fin de asesoralos ante as novas situacións as que deben enfrontarse unha vez finalizado o curso, organizáronse distintos talleres en colaboración coa Universidade de Vigo sobre orientación laboral, estratexias de busca de emprego, competencias, saídas laborais, facilitándolles información específica sobre como facer para incorporarse ás lista de traballo do sergas (principal empregador), así como unha xornada de presentación da oferta formativa de másteres da área de ciencias da saúde, preparación e formación EIR, etc.

Atención á diversidade.

Neste senso, no curso 2015-16 detectáronse necesidades específicas de apoio educativo para algún alumnado, que foron resoltas en colaboración co profesorado especializado, o profesorado titor e a través de acción do PAT.

3. RESULTADOS DO PAT DURANTE O CURSO 2015-16

Nos seguintes apartados preséntanse de xeito detallado os aspectos desenvolvidos durante o curso 2015-16 no PAT de Grao en Enfermaría para cada un dos cursos que compoñen a titulación:

_ Listado de actividades (organización, acollida, coordinación e apoio a formación) desenvolvidas ao longo do curso, as datas nas que tiveron lugar ditas actividades.

- ✓ Listado de profesorado que exerceron como titores de PAT en cada curso.
- ✓ Listado do alumnado titor que exerceron como titores en cada curso.
- ✓ Conformación dos grupos de alumnado asignados aos distintos titores en cada curso.
- ✓ Breve informe dos resultados das reunións titoriais de cada curso.
- ✓ Estadística de participación do alumnado nas sesións do PAT en cada un dos cursos.
- ✓ Breve informe global dos resultados do PAT durante o curso 2015-16.

Os resultados das enquisas de satisfacción do alumnado que participaron no PAT expoñense nun seguinte apartado deste informe.

Se realizaron as seguintes Accións de Organización:

- Información sobre el PAT ao profesorado por parte da Dirección
- Reunión co alumnado de 1º e 2º curso: información sobre o PAT e ratificar e recoller novos participantes no PAT como alumnado titor (acompañando ao profesorado titor)
- Reunión co profesorado titor para asignar o novo alumnado que participará no PAT
- Presentación da relación de alumnado e titores/as asignados/as ao PAT
- Avaliación do PAT

Accións de Acollida:

- Acto de benvida
- Acto de información en cada curso a 2º 3º 4º
- Ato de benvida e presentación do PAT ás últimas persoas incorporadas ao título
- Accións de Orientación Profesional: Seminario de Relaciones laborais
- Accións de Atención á Diversidade

Accións co profesorado e co alumnado titor

- 1º reunión de presentación co alumando titorizado: 2ª Q novembro
- 2º reunión de presentación co alumando titorizado 2ª Q marzo
- Cando se precisen a nivel individual ou en grupo co alumnado titorizado

Actuacións de carácter formativo

- En 2º curso Seminario: Enfermería nas ONGs
- En 3º curso Seminario: Trasplantes
- En 4º curso Seminario: Relaciones laborais. Saídas profesionais

3.1. Resultados PAT. Curso 2015-16**1º e 2º CURSO DE GRAO DE ENFERMARÍA****ACTIVIDADES DE TITORÍA DESENVOLVIDAS EN 1º GRAO**

Ao longo do curso de 2015-16, leváronse a cabo as seguintes actividades do PAT:

Actividades de coordinación e acollida.


Ademais do acto de Benvida levado a cabo polo equipo de dirección, realizáronse tres reunións de presentación e explicación do PAT e invitación a súa participación, reunión co alumnado titor e a coordinación do PAT.

(3 de setembro, 8 de setembro, 14 de outubro)

Actividades cos titores.

Leváronse a cabo 4 reunións de coordinación de PAT co profesorado titor de cada curso (14 de outubro, 27 de novembro e 17 de febreiro, 9 de maio) coa totalidade do profesorado titor para tratar as actividades do PAT así como informar sobre necesidades detectadas nas distintas reunións mantidas co alumnado dos distintos cursos de grao.

A participación do alumnado foi dun 42% no alumnado de 1º e 2º de grao de enfermaría e dun 28% alumnado de 3º e 4º de grao.



Actividades de organización

Responsable	Actividades	contido	Data
<i>Coordinación e titores do PAT</i>	<i>1.- Presentación do PAT</i>	<ul style="list-style-type: none"> - Designación de Titores - Presentación do PAT a Titores - Calendario de actividades - Asignación alumnado-titor 	Setembro-outubro
<i>Coordinación e titores do PAT</i>	<i>2.- Seguimento continuo do PAT</i>	<ul style="list-style-type: none"> Recollida de evidencias - Asesoramento e apoio Seguimento das actividades do PAT - Resolver dificultades 	Todo o curso
<i>Coordinación e titores do PAT</i>	<i>3.- Análises e avaliación final do PAT</i>	<ul style="list-style-type: none"> - Cuestionarios de satisfacción del alumnado - Análises de las evidencias de seguimento - Análises de dificultades - Elaboración de la memoria final 	Final de curso

Actividades de acollida e coordinación

Responsable	actividades	contido	data
<i>Director e Subdirectora</i>	<i>1.- Acto de Benvida</i>	<p>A Universidade e os servizos administrativos.</p> <ul style="list-style-type: none"> - O Centro: aulas, laboratorios, sala informática, biblioteca, secretaría, dirección. etc. - A titulación: plan de estudos, participación do estudiantado , PAT, enquisas, mobilidade, prácticas externas, etc. 	3 de setembro
Responsable do PAT	<i>2.- Sesión informativa de acollida</i>	<ul style="list-style-type: none"> - Información sobre servizo o Alumnado, deportes, bolsas, etc.), programas de mobilidade. - Organización do curso: semestres, materias, etc. horarios, guías docentes, avaliación, enquisas,.. - Presentación das Tutorías 	3 de setembro

<p>Coordinación de PAT e prof, titor de curso</p>	<p>3. Sesión de seguimento</p>	<p>- Seguimento da actividade titorial</p> <p>- Intercambio de ideas e reflexións sobre aspectos de interés.</p>	<p>17 de febreiro</p>
<p>Coordinadora de PAT e prof titor</p>	<p>4.- Sesión final e avaliación do PAT</p>	<p>- Intercambio de ideas e debate de resultados da actividade do PAT e titorial</p> <p>- Enquisas de satisfacción do alumnado sobre o PAT.</p>	<p>9 de maio</p>

LISTADO DE PROFESORADO TITOR DE 1º e 2º DE GRAO

Angeles Cons Estévez Dolores Rodríguez García

María Teresa Hermo González María Dora Romero Insua

ESTADÍSTICAS DE PARTICIPACION (1º e 2º GRAO)

º de alumnado titorizado: 42

Nº de reunións cos titores responsables: 3

- Nº de titores: 4
- Nº de sesións titoriais (reunión titor/a: alumna/o): 4

Participación (42%)

LISTADO DE PROFESORADO TITOR DE 3º,4º DE GRAO

Inés Blanco Nieves Felipe Fernández Méndez
José Luis Buceta Hazas Rosa Fernández Soengas

ESTADÍSTICAS DE PARTICIPACION (3ºe 4º GRAO)

Nº de alumnado titorizado: 28

Nº de reunións cos titores responsables: 3

- Nº de titores: 4
- Nº de sesións titoriais (reunión titor/a:alumna/o):3

Participación (28%)**BREVE INFORME DAS REUNIÓN TITORIAIS CO PROFESORADO**

A modo de resumen xeral se especifican os comentarios máis relevantes que o profesorado titor nos achegou a través dos diferentes informes despois das distintas reunión mantidas co alumnado.

Os aspectos abordados foron os seguintes:

- Comentan sobre todo a partir de 2º de grao que o horario dos estudos e moi comprimido dispoñendo de pouco tempo para a preparación das actividades académicas.
- Presentan algunha queixa sobre o excesivo calor nas clases.
- Demandan información sobre o número de créditos na matriculación cando se leva algunha materia pendente.
- Gustaríalles facer mais obradoiros co profesorado, a pesar do pouco tempo que lles queda.
- Solicitan que se fagan melloras nos ordenadores dispoñibles no centro. Solicitan información sobre a mobilidade.
- Contratos de estudos da Escola con centros de enfermería de Gran Bretaña.

- Información sobre as paxinas web de actividades culturais, mobilidade para o alumnado e outras de interese para o alumnado.
- Ofertáselles a posibilidade de contactar coa titora en calquera momento que o precisen e se o consideran oportuno convocar reunións individuais ou grupais.

Consultas sobre si a facultade dispón de postgrao. Solicitan información sobre este aspecto de postgrao de interese no ámbito das ciencias da saúde.

- Se titoriza acerca dunha problemática de saúde que afecta a propia interesada no rendemento das prácticas clínicas, se xestiona unha consulta con especialista da Unidade de Psiquiatría (psicóloga).
- Alumnado asistente de 4º curso pregunta e ten dudas sobre o mercado laboral, oposicións, especialidades de enfermería, traballo no estranxeiro, etc. A tutoría versa sobre estes temas, aclarando algunhas dúbidas as sobre o mercado laboral actual para enfermería, emprendemento e innovación en enfermería, startups (axudas e subvencións), listados de contratación e oposicións do Servizo Galego de Saúde, bolsas de traballo e oposicións de outros servizos de saúde doutras comunidades Autónomas do Estado español.
- Requisitos para traballar no estranxeiro, acceso a especialidades de enfermería e mercado laboral, traballo en institucións sociosanitarias, traballo en centros sanitarios privados, enfermería militar (vías de acceso, posibilidades de promoción, tipo de traballo, etc), búsqueda activa de emprego, o uso de redes sociais e a marca dixital, redes sociais para profesionais (Linkedin, etc.

Outras melloras a ter en conta para introducir para o curso 2016-2017:

Continuar solicitando o apoio á titorización ao alumnado de cursos superiores. Adiantar a data da reunión final do alumnado á segunda quincena de marzo, co fin de lograr unha maior participación nos cuestionarios finais. Promocionar as eleccións a representantes de alumnado, co fin de incorporar alumnado de primeiro na xestión do Centro.